



## NA REDE



### Obxectivos

- Favorecer o uso da lingua galega nas actividades lúdicas.
- Relacionar a práctica do deporte co uso do galego.
- Dotar de coñecemento do léxico específico.



### Participantes

Rapazada de 9 anos en diante.



### Duración

30 minutos.



### Materiais

Elementos para practicar o deporte en cuestión: raqueta de tenis, pelota de tenis e rede.



### Desenvolvemento

O xogo desenvólvese por parellas. Cada parella debe situarse en lados opostos da rede e pasar a pelota.

Cada vez que haxa un intercambio, no momento do golpe, deben dicir un termo relacionado cun deporte en galego e non poden repetirse.

Debe comezarse con palabras relacionadas co tenis e logo pódese continuar con outros deportes.

Se un participante di unha palabra que non é correcta ou é repetida sumará un punto, e comezase un punto novo. A puntuación será igual ca no tenis real: 15, 30, 40, xogo, pero gañará o xogo quen menos puntos consiga e perderao quen chegue á puntuación máxima. Sumarase por sets de 6 xogos.

O xuíz é quen decide se unha palabra é incorrecta, se foi repetida...